

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10 DE XUÑO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día dez de xuño do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 3 DE XUÑO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de xuño de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 3 de xuño de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Acordo do 16 de maio de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Xefatura Territorial da Coruña-, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Culleredo (expediente IN407A 2019/79-1. (LMT, CT e RBT no lugar de Sésamo). DOG núm. 107 do 07-06-2019.
- Anuncio do 16 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, polo que se fai pública a comunicación de xestión de biomasa a propietarios aos que non foi posible a práctica da comunicación (Expediente: UME/2018/371, Propietario: Maestro Mateo Diseño, SL e máis). DOG núm. 107 do 07-06-2019.
- Anuncio do 31 de maio de 2019, do Concello de Culleredo, relativo a delegación na concelleira, D.ª María del Carmen Varela Corbelle, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre E.P.B. e D.A.V. o sábado día 1 de xuño de 2019 ás 19.15 horas. BOP núm. 108 do 10-06-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 824 de data do 24/05/2019, pola que se ordena a D.^a M. J. P. G., como propietaria dos terreos coa referencia catastral 1350115NH5915S a súa limpeza e roza para mantelos nas debidas condicións de seguridade e saúde.
- Resolución núm. 837 de data do 30/05/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de 'outras actividades de construción especializada n.c.o.p.' nunha nave situada na R/. E, nave E18, polígono industrial de Alvedro, á 'Kuarzo xestión en construción, SL'.
- Resolución núm. 838 de data do 30/05/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de 'outros servizos de comidas' nun local situado na R/. San Fernando, núm. 10, á 'Servizos de catering del Temple, SL'.
- Resolución núm. 839 de data do 30/05/2019, pola que se concede o permiso municipal de vertedura ao sistema público de saneamento para a actividade de 'axencias de seguros e corredurías de seguros' nun local situado na Avda. da Coruña, núm. 11 – baixo esquerda.
- Resolución núm. 855 de data do 03/06/2019, pola que se ordena a D.^a A. L. B., como propietaria dos terreos coa referencia catastral 15031A01200330 a súa limpeza e roza para mantelos nas debidas condicións de seguridade e saúde.
- Resolución núm. 856 de data do 03/06/2019, pola que se ordena a D.^a C. L. C., como propietaria dos terreos coa referencia catastral 15031A01200319 a súa limpeza e roza para mantelos nas debidas condicións de seguridade e saúde.
- Resolución núm. 857 de data do 03/06/2019, pola que se ordena a D. J. B. D. L. F., como propietario dos terreos coas referencias catastrais 0055804NH4995N e 15031a01200331 a súa limpeza e roza para mantelos nas debidas condicións de seguridade e saúde.”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
13/05/19	742	Conceder o servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación de A Coruña.	M. T. M.	
23/05/19	811	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	J. M. B.	

C.I.F. P-1503100-H

30/05/19	848	Aprobar a incorporación de á lista de agarda do servizo de Xantar na casa, cunha valoración de 68 e 32 puntos respectivamente.	A.R. M. e P. P. G.	
30/05/19	849	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	F. G. S.	Dúas horas á semana (agás festivos).
04/06/19	865	Baixa de oficio no servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria por haber adquirido a condición de dependente según a Ley 39/2006, de 14 de decembro de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.	E. F. G.	
04/06/19	866	Aceptar o desestímulo da solicitude de ampliación do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluído o procedemento.	C. V. B.	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
13/05/19	743	Conceder unha axuda económica	R.R.R.B.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de febreiro 2019 75€, e de marzo a xuño de 2019 250€/mes., que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
13/05/19	744	Conceder unha axuda económica	F.E.M.	Conceder unha axuda económica para o pago do alugueiro, correspondente a xaneiro 2018 62,01€, e de febreiro a xullo 150€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	962,01 €

C.I.F. P-1503100-H

13/05/19	746	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Pago do recibo de transporte correspondente os meses de febreiro, marzo e abril de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	147,10 €
14/05/19	758	Extinguir a axuda económica.	Y.C.S.	Extinguir a axuda por cambio na situación económica e polo tanto perda dun dos requisitos de acceso ás prestacións por non poder xustificar a axuda concedida en base ao artigo 21 d).	
14/05/19	759	Conceder unha axuda económica.	S.S.S.	Pago de alugueiro correspondente aos meses de marzo 2019 106€, e de abril a xullo 200€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Abono do custo de gafas, de acordo co orzamento de Castro Ópticos achegado, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	906€ 169€
14/05/19	760	Conceder unha axuda económica.	M.M.C.	Pago do recibo de alugueiro correspondente aos meses de decembro de 2018 e xaneiro de 2019 350€/mes e febreiro 2019 233,44€, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018, que lle será aboada mediante folla de pedido ao proveedor.	933,44 € 70,62€
14/05/19	761	Conceder unha axuda económica.	Y. M. C.	Pago de recibos de auga, correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2019. Pago de recibos de electricidade, correspondentes a dez meses de 2019.	

C.I.F. P-1503100-H

				Bono de alimentos tipo B, durante tres meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene, durante tres meses e cunha entrega mensual.	
14/05/19	762	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	C. M. P. D	Pago dos recibos de electricidade, correspondente aos meses de xullo (20,46 €), setembro (17,16 €) e outubro (20,46 €) de 2018.	78,54 €
14/05/19	763	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. M.	Recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 17 de marzo de 2019 ao 16 de abril de 2019. Recibo de gas, correspondente ao período comprendido entre o 08.02.19 ao 09.04.19.	13,25 € 45,04 €
14/05/19	764	Conceder unha axuda económica.	M. E. R. S.	Pago de aluguer, correspondendo 175 € os meses de marzo, abril, maio, xuño, xullo e agosto e 25,68 € o mes de setembro de 2019.	1.075,68 €
14/05/19	765	Conceder unha axuda económica.	C. B. I. C.	Hipoteca, mediante un talón bancario por importe de 490 € correspondente a 98 € desde o mes de xaneiro ata maio e 98 € durante os meses de xuño ata outubro e 95,68 € o mes de novembro de 2019.	1.075,68 €
15/05/19	772	Conceder unha axuda económica.	A.G.B.	Abono dos recibos de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2018, e 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Abono do recibo de gas, correspondente aos	1.075,68 €

C.I.F. P-1503100-H

				meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Abono do recibo de electricidade, correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Abono do recibo de comunidade, correspondente os meses de xaneiro a outubro de 2019, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	
15/05/19	773	Conceder unha axuda económica.	S.R.S.	Pago do recibo de alugueiro correspondente aos meses de febreiro 2019 75€, e de marzo a xuño de 2019 250€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €
16/05/19	781	Conceder unha axuda económica.	C.M.B. B.	Pago do recibo de alugueiro, correspondente aos meses de febreiro 2019, 50€, e de marzo a outubro 125€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.050,00 €
16/05/19	782	Conceder unha axuda económica.	M.D.R.S.	Pago do alugueiro correspondente aos meses de xaneiro a novembro de 2019 66€/mes, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo. Pago do recibo de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, que lle será aboada	726,00 € 57,36 €

C.I.F. P-1503100-H

				mediante talón bancario nominativo. Abono do custo de gafas, de acordo co orzamento de General Ópticas achegado.	119,00 €
20/05/19	791	Conceder una axuda económica.	L. M. R. H.	Pago de aluguer, correspondendo 276,75 € os meses de abril, maio e xuño e 245,43 € o mes de xullo de 2019.	1.075,68 €
20/05/19	792	Conceder unha axuda económica.	K. A.	Pago de aluguer, correspondendo 280 € os meses de abril, maio, xuño e 235,68 € o mes de xullo de 2019	1.075,68 €
30/05/19	846	Conceder unha axuda económica.	M. C. L. V.	Pago de recibos de electricidade, correspondente a 11 meses de 2019. Pago de recibos de auga, correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2019. Bono de alimentos tipo A, durante sete meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A, durante sete meses e cunha entrega mensual.	
30/05/19	847	Conceder unha axuda económica.	S. C. D. N.	Pago de aluguer, correspondendo 400 € os meses de abril e maio e 275,68 € o mes de xuño de 2019.	1.075,68 €
04/06/19	867	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. R. S. V.	Pago do recibo de electricidade correspondente ao período comprendido entre o 17.03.2019 ao 16.05.2019. Pago do recibo de gas, correspondente ao mes de maio de 2019.	79,40 € 13,86
04/06/19	868	Conceder unha axuda económica.	C. A. L.	Pago de aluguer, correspondendo 200 € os meses de marzo, abril,	1.075,68 €

				maio, xuño, xullo e 75,68 € o mes de agosto de 2019.	
04/06/19	869	Conceder unha axuda económica.	C. C. M.	Pago de aluguer, correspondendo 350 € os meses de maio e xuño e 299,03 € o mes de xullo. Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2019.	999,03 € 76,65 €

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
16/05/19	783	Conceder a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade.	R. A. A. G.	10 anos.
31/05/19	852	Conceder a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade.	C. B. G.	10 anos.
04/06/19	870	Denegar a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade porque non se recoñecen dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos.	M. J. R. M.	

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Dinamización social :**

A Agrupación Musical Voces Veteranas de Culleredo, formando parte de sus accións convivenciais, participará no programa de actividades “Lumeiradas de San Xoan” de A Coruña no Centro Cultural Recreativo Círculo de Artesanos, situado rúa de San Andrés A Coruña, o próximo día 12 de xuño ás 19,00 h

AREA DE SANIDADE:

PROMOCIÓN DA VIDA SAUDABLE: “Culleredo saudable”

Celebración do Día Nacional do Celíaco 2019

A Concellaría de Benestar social e Igualdade colabora coa Asociación de Celiacos de Galicia Acega na celebración do Día Nacional do Celiaco 2019, día 27 de xuño.

O acto consistirá no estreo en Culleredo do conto: “O oso celiaco de Sonia”, conto que pertence á serie “Os Bolechas” de Pepe Carreiro, que a Asociación Acega xunto con Mercadona editaron co obxectivo de sensibilizar sobre a celiacuía.

O contacontos levarase a cabo no CRA de Culleredo, nas súas 4 aulas, o día 24 de xuño en horario escolar. A contacontos é unha integrante con celiacuía da Asociación: Xana Novo Enes.”

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Culleredo ao descuberto: monte Xalo.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 14 de xuño.

Horario: de 9:30 a 13:30 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 6º EP.

Nº participantes: 63.

Lugar: monte Xalo.

B) ACTIVIDADE: O Burgo de Faro: porto de peregrinos.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 14 de xuño.

Horario: de 9:30 a 12:30 h.

Centros participantes: CEIP Ría do Burgo, CEIP Vila de Rutis e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 4º EP.

Nº participantes: 70.

Lugar: tramo do camiño inglés, ponte e igrexa do Burgo.

C) ACTIVIDADE: Ruta didáctica pola Idade Moderna. Pazo Vilaboa: a vida dos fidalgos.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 12 de xuño.

Horario: de 9:30 a 12:30 h.

Centros participantes: CEIP Díaz Pardo e Vila de Rutis.

Curso: 5º EP.

Nº participantes: 64.

Lugar: Pazo de Vilaboa.

ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 12 DE XUÑO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

Cancioneiro multicultural.

De 0 a 100 anos. Entrada libre.

VENRES 14 DE XUÑO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Obradoiro de xogos de interior.

De 7 a 12 anos. Inscripción na mesma semana na biblioteca.”

2.3.- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 266/2018.

O Sr. alcalde en funcións da conta á Xunta de Goberno Local do auto, do 12 de abril de 2019, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 da Coruña, procedemento ordinario 266/2018, que acorda declarar a caducidade do recurso contencioso-administrativo interposto por DOCELAR SL contra o Concello de Culleredo e UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA sobre abastecemento do subministro eléctrico. Non obstante, admitirase o escrito de demanda, e producirá os seus efectos legais, si se presentase dentro do día no que se notifique o auto.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde en funcións

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H